

Convocatoria de axudas ao estudo para familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos convocadas pola Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación – Curso 2026/2027 – Liña 3 – Mobilidade

Bases reguladoras.- A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras para a concesión de axudas ao estudo para familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos convocadas pola Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25 de xuño de 2020 e publicadas no BOP nº 99 de 2 de xullo de 2020.

Finalidade.- Técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral, e ademais, un procedemento de colaboración entre a administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

Articular medidas de apoio e resposta para as familias que viven no municipio mediante o establecemento de liñas de axuda que permitan que as unidades familiares con reducidos apoios económicos poidan acceder a recursos que palíen, na medida do posible, as situacións de crise que se producen.

Persoas destinatarias.- Estudantes de Bacharelato, Formación Profesional, Ensinanzas Artísticas, Musicais e estudos universitarios en centros públicos do territorio galego, empadroados no Concello de Arteixo que vivan a máis de dous km do centro de ensino ou do lugar onde realicen as prácticas.

Obxecto.- Constitúe o obxecto destas bases a fixación dun procedemento para a concesión de axudas económicas anuais para mellorar a mobilidade para estudantes empadroados no Concello de Arteixo que cursen estudos de Bacharelato, Formación Profesional, Ensinanzas Artísticas, Musicais e estudos universitarios en centros públicos do territorio galego.

Contía.- O importe total destinado a esta liña de axudas é de 13.000 €, gasto imputable á partida 320.48903

Requisitos para solicitar a axuda.- Ademais dos estipulados como xerais,

- Estar matriculados durante o curso 2026-2027 en centros sostidos con fondos públicos dos niveis definidos para esta liña de axudas.

Este requisito quedará acreditado mediante a presentación do certificado de matrícula, só nos casos nos que o centro educativo estea fóra do termo municipal de Arteixo. No caso de centros educativos pertencentes ao termo municipal, por parte do

departamento xestor, procederase á consulta da matrícula do alumnado nos respectivos centros educativos.

- Non superar a Renda per Cápita anual correspondente ao 100% do IPREM vixente no momento da convocatoria.

Este requisito comprobarase de oficio por parte do departamento xestor a través da consulta dos datos fiscais proporcionados pola Axencia tributaria.

Os requisitos deben reunirse na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e manteranse ata a finalización da actividade subvencionada.

Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.-

- Xunta de Goberno Local: aprobación da convocatoria anual, da concesión e da xustificación
- Comisión de estudo: comprobación do cumprimento dos requisitos, obtención de datos necesarios e revisión da documentación.
- Comisión de valoración: valoración dos expedientes de solicitudes e elevación de propostas á Xunta de Goberno Local para a aprobación de propostas de concesión e denegación.

Réxime de concesión.- Concorrenza competitiva.

Criterios de valoración.- As bases reguladoras conteñen os criterios de valoración, os criterios de adxudicación e o procedemento de concesión aplicables a esta liña de axudas, que son os seguintes:

Concederanse as seguintes contías estipuladas por distancia desde o punto de orixe (domicilio) e o destino (centro ou empresa):

LUGAR DE ESTUDOS OU PRÁCTICAS (FP dual)	CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA
Arteixo	150 €
A Coruña	200 €
Outros concellos limítrofes	200 €
Ferrol	250 €
Santiago	300 €
Lugo	350 €
Vigo	400 €
Ourense	450 €

No caso de destinos intermedios, para a concesión da axuda realizarase un cálculo estimativo dependente dos kms entre o punto de orixe e o destino, tomando como referencia o máis próximo dos definidos na táboa.

A listaxe de acceso ás axudas (de menor a maior) confeccionarase segundo a renda per cápita da unidade familiar. No caso de empate, concederáselle a axuda á menor renda per cápita. No caso de proseguir o empate, concederáselle á solicitude que antes entrara en rexistro.

O Concello abonará nun só pago a axuda concedida, tras a súa concesión.

Prazo de presentación.-

- Liña 3 (axudas para a mobilidade): 9 setembro-9 outubro 2026.

Prazo de resolución e notificación.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá sobrepasar os 6 meses.

Documentación e información que debe adxuntarse á solicitude.- A documentación e información que deberá achegarse acompañando ao modelo normalizado de solicitude é a seguinte:

- Declaración responsable segundo modelo normalizado de solicitude que deberá conter todos os datos identificativos familiares requeridos.
- Dita declaración conterá, ademais dos datos obrigatorios, os seguintes:
 - Autorizacións para obtención de datos doutras administracións debidamente asinadas que se establecen (segundo modelo). En todo caso, é responsabilidade das familias que os datos que se consultan estean debidamente facilitados e as obrigas de calquera tipo cumpridas segundo o legalmente establecido. Esta autorización deberá asinarse para a obtención de datos de calquera das administracións coas que se teña regulado a cesión de datos.
 - Declaración responsable de cumprimento de obrigas e de residencia efectiva no termo municipal de Arteixo.
 - Declaración das axudas obtidas para finalidades relacionadas co ámbito educativo doutros organismos ou institucións públicas ou privadas.
 - Declaración de cumprimento de requisitos para ser beneficiario de subvencións e de non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (segundo modelo).
 - Informe de vida laboral da persoa solicitante, completo e actualizado, expedido pola Tesourería da Seguridade Social. Só se admitirán aqueles que teñan data como máximo dun mes (1 mes) anterior á data de convocatoria das axudas. No caso de telo solicitado, achegarase copia do resgardo da solicitude, debendo adxuntarse o informe en canto sexa recibido sendo responsabilidade da persoa solicitante, sin que por parte da entidade local se formalice requirimento. A non presentación do orixinal ou copia compulsada entenderase como desestimento da solicitude.
 - DCB (Designación de conta bancaria, segundo modelo normalizado).

Reformulación da solicitude.- Non procede

Prazo de xustificación da subvención.- O bo uso das axudas xustificarase no mes de xuño, presentando copia da certificación das notas do curso e avaliación das prácticas, de ser o caso.

Recursos.- A resolución da convocatoria porá fin á vía administrativa e poderá ser recurrida potestativamente en reposición no prazo dun mes ante o órgano que o ditou, ou ser impugnada mediante a interposición de recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da data de publicación/notificación.

Medio de notificación ou publicación.-

A publicación substitúe á notificación por tratarse dun procedemento de concurrencia competitiva.

A convocatoria publicarase no BOP e o resto de actos na sede electrónica municipal.